



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente, do 16 de xullo do 2018, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN REPRESENTANTE E VICEPRESIDENTE NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPDTE. 391/1102

Dáse conta da proposta asinada con data 13/07/18 polo Alcalde, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, acordou na súa sesión extraordinaria e urxente do 24 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102), entre outros, aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia de designación como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no **Consello de Administración** e así mesmo proposta como **vicepresidente** do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, D. David Regades Fernández.

Tras do RD 837/2018, do 06 de xullo do 2018, do Consello de Ministros do Goberno de España, polo que se nomeou Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo a D. David Regades Fernández, cómpre a designación dun/dunha novo/a concelleiro ou concelleira, representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, así como a designación de novo vicepresidente deste Consorcio, en substitución de D. David Regades Fernández.

Polo que, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como representante do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo, realizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 21 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102).

Segundo.- Deixar sen efecto a designación de D. David Regades Fernández como vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo, realizada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 21 de agosto de 2015 (Expte. 47/1102).

Terceiro.- Designar como **representante** do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo no Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**.

Cuarto.- Designar vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro, **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**.

Quinto.- Comunicar este acordo ao Consorcio do Casco Vello de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Sexto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2018 10:07	Páxina 1 de 2
Expediente 391/1102	CSV: 2FED5D-B84BBB-57DF8H-RKZ5V5-NNE9KD-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Portal de Transparencia, de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2018 10:07	Páxina 2 de 2
Expediente 391/1102	CSV: 2FED5D-B84BBB-57DF8H-RKZ5V5-NNE9KD-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		